



“BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN DE DUAS BRIGADAS DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS”

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA E XUSTIFICACIÓN DA MESMA

1. O obxecto desta convocatoria é a selección de dez persoas como persoal laboral temporal para realizar actuacións de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais no marco do “Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de A Mezquita para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia

- Dous xefes de brigada.
- Dous peóns de brigada – condutores.
- Seis peóns de brigada

As funcións a desenvolver polos membros da brigada son as establecidas no Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de A Mezquita. O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal. Sen ánimo exhaustivo, as funcións a desenvolver son:

- Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais.
- Traballos encamiñados á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse.

O xefe de brigada será o responsable e coordinador do funcionamento da brigada mantendo as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal.

Os membros da brigada deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite.....segundo as necesidades do servizo).

A execución das actuacións de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais terá unha duración máxima de 3 meses, que se poderán prorrogar en función das condicións climatolóxicas, de conformidade co Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de A Mezquita.



O contrato a formalizar é de duración determinada na modalidade de obra ou servizo e a tempo completo. No contrato de traballo formalizado establecerase un período de proba de 15 días.

As retribucións brutas mensuais do xefe de brigada ascenden a 1.091,72 € incluída prorrata da paga extra, as retribucións brutas mensuais de peón-conductor e do peón ascenden a 982,53 € incluída prorrata da paga extra.

2. De conformidade co artigo 50 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, e en coherencia coa necesidade urxente que pretende cubrirse, o procedemento tramítase de urxencia.

SEGUNDA.- TIPO E DURACIÓN DA PROVISIÓN

Os/as aspirantes que, tralo remate do proceso selectivo, obteñan a maior puntuación en cada unha das tres categorías serán propostos polo tribunal de selección para a súa contratación para levar a cabo a prevención e defensa contra incendios forestais obxecto do Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de A Mezquita.

Os contratos de traballo subscritos extinguíranse, en todo caso, coa realización das actuacións que motivan a subscrición do Convenio de Colaboración mencionado que están fixadas nun prazo máximo de ata 3 meses

TERCEIRA.- SISTEMA SELECTIVO

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante un procedemento áxil que respectará en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e axilidade.

As probas selectivas realizaranse polo sistema de concurso-oposición.

CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Serán requisitos mínimos dos aspirantes a esta selección de persoal:
 - Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ó emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
 - Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.



- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Para os/as aspirantes a xefe de brigada. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente. Posuír o carné de conducir B.
- Para os/as aspirantes a peón – condutor de brigada. Sen titulación específica. Posuír o carné de conducir B.
- Para os/as aspirantes a peón de brigada. Sen titulación específica.

2. Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ó último día de prazo de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentarse conforme ó modelo que figura no ANEXO I e dirixiranse ó alcalde da Corporación expresando que reúnen tódolos requisitos esixidos na base anterior.

Presentaranse no rexistro xeral do concello, podendo presentarse tamén conforme ó sinalado no artigo 16 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedementos administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación de solicitudes de participación será de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Á instancia, conforme ó modelo que figura no ANEXO I, acompañarase inescusablemente da seguinte documentación:



- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou pasaporte.
- Copia compulsada do título académico e/ou carné de conducir B, segundo o posto.
- Copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos alegados para a fase de concurso conforme á base sétima. Os méritos profesionais deberán acreditarse con copia cotexada dos contratos de traballo e co informe da vida laboral ou, no caso de administracións públicas, certificado expedido polo fedatario público da administración e copia cotexada do contrato e/ou nomeamento. Achegaranse, en todo caso, os certificados de empresa ou Administración Pública precisos para acreditar as concretas funcións dos traballos desenvolto.
- Certificado médico de non padecer enfermidade ou limitación e defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes ó posto de traballo así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberá realizar.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, o alcalde, no prazo máximo de 5 días e mediante resolución, aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos que será exposta no taboleiro de edictos do Concello e publicada na páxina web do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos con indicación da causa da súa exclusión. Os aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para a subsanación, no seu caso, das deficiencias que se sinalen. Estas subsanacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que se publicará no taboleiro de edictos e na que se incluírá a composición do tribunal e o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o Órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, contados a partir do seguinte ó da publicación no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

O resto das resolucións serán expostas no taboleiro de edictos e publicadas na páxina web do Concello.



SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. O Tribunal Calificador designado polo Alcalde estará integrado de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estará integrado polos seguintes membros:

- Presidenta/e (titular e suplente): Unha/un empregado público pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida
- Vogais (titulares e suplentes): Tres empregados públicos pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaria/o (titular e suplente): un empregado público pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se pedira titulación igual ou superior á de agora esixida, que actuará con voz pero sen voto.
- Representante sindical que actuará como observador no tribunal de selección con voz pero sen voto.

2. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 de Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

5. O tribunal non poderá declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ó da praza convocada, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados pero que figuren como aprobados se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, so válido para a presente convocatoria.

6. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.



7. Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal e para os efectos de percepcións de asistencias se clasificarán consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

SÉTIMA.- COMEZO E DESENVOLVEMENTO DA FASE DE CONCURSO-OPOSICIÓN

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso-oposición cos candidatos/as que no prazo establecido presentaran a súa documentación, tendo en conta que a fase de concurso de méritos será valorado en segundo lugar, e só no caso dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

Os aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade.

A cualificación dos exercicios, así como o resultado dos méritos alegados, farase pública mediante a publicación da correspondente acta do tribunal de selección no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello.

A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, dos aspirantes que a superen, e na fase de concurso.

No caso de que un/ha mesmo/a aspirante se presente a varias das categorías de persoal laboral obxecto de selección realizará unha soa vez aquelas probas que sexan iguais nas categorías presentadas.

Para a puntuación da fase de concurso terase en conta o estipulado na cláusula quinta destas bases.

Fase de Oposición: A oposición constará de tres exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio.

PRIMEIRO EXERCICIO.-Exercicio práctico consistente en:

- Camiñar 3.200 metros sobre terreo chan cun peso de 11 kg ás costas nun tempo inferior a 30 minutos. Os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso antedito. Non está permitido correr durante a realización da proba.

Só se permitirá un único intento para superar a proba.

A proba terá carácter eliminatorio e valorarase cun máximo de dez puntos debendo superala.



SEGUNDO EXERCICIO- Realización dunha ou mais probas prácticas relacionadas coas tarefas a desempeñar e que serán propostas polo tribunal atendendo á categoría a desempeñar (xefe de brigada, peón de brigada – condutor ou peón de brigada), en relación co manexo do vehículo, e da maquinaria tal como desbrozadora e outro material de desbroce.

A proba terá carácter eliminatorio e valorarase cun máximo de dez puntos debendo obter cinco puntos para considerar superada a proba.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos dous ou tres exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Fase de concurso

1.-EXPERIENCIA PROFESIONAL(puntuación máxima 5 puntos)

1.-Por acreditar servizos prestados en concellos e administracións públicas na mesma categoría ou similar a do posto ao que opta: 0,20 puntos por mes completo

2.-Por acreditar servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar a do posto ao que opta: 0,10 puntos por mes completo.

En caso de acreditación de períodos de traballo por meses, estes computaranse como de 30 días naturais cada mes, non se computando días soltos ou fraccións de mes.

Para a acreditación destes méritos debe achegarse copia compulsada da vida laboral, contratos de traballo ou certificados de servizos prestados emitidos polos correspondentes órganos competentes das administracións. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2.-SITUACIÓN DE DESEMPREGO (puntuación máxima 4 puntos)

Pola inscrición acreditada como demandante de emprego sin percibir prestación por desemprego 0,15 puntos/mes ata o máximo indicado.

Será preciso presentar informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e duración da mesma así como certificado de prestacións.



3.-FORMACIÓN: (puntuación máxima 4 puntos)

Cursos impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos por centros de formación dependentes das administracións públicas, e sempre relacionada co posto de traballo e funcións a desempeñar:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
- Cursos de 21 a 50 horas: 0,30 puntos
- Cursos de 51 a 100 horas:0,40 puntos
- Cursos de máis de 100 horas: 0,60 puntos.

A formación acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas do curso de formación. De non establecerse o número de horas non se valorará a formación.

Non serán obxecto de valoración as certificacións de academias privadas se non se xustifica a preceptiva homologación. Non se valoran xornadas, conferencias, seminarios etc

4.-CARGAS FAMILIARES. (Puntuación máxima de 2 puntos)

- Renda da unidade familiar inferior o SMI_____1 punto
- Cargas familiares de fillos menores_____0,5 puntos por fillo

A acreditación destes méritos será de cargas familiares segundo libro de familia, e da renda da unidade familiar mediante certificado de prestacións tando da seguridade social como do INEM.

5.- PRIMEIRO EMPREGO. Puntuarase con 2 puntos, aquelas solicitudes que acrediten que esta praza, pola que concursan, sería o seu primeiro posto de traballo.

OITAVA.- CONTRATACIÓN

A proposta do tribunal cualificador será publicada no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello. Ós aspirantes seleccionados requiriráselles para que obrigatoriamente pasen recoñecemento médico e proba de aptitude física de esforzo no que conste expresamente que teñen a capacidade funcional necesaria para traballar nas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios forestais.

No suposto de non superar o recoñecemento médico ou a proba de aptitude física non poderá ser contratado e seguirase o chamamento por orde de candidatos de maior a menor puntuación acadada no procedemento.

Previa a formalización do contrato os aspirantes deben superar un curso de formación, en caso contrario decae do seu dereito para ser contratado e quedando anuladas tódalas actuacións non tendo dereito



ningún respecto a este concello, pasando a chamarse o seguinte que corresponda.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os traballadores os postos estes non teñen dereito a percepción económica algunha.

A proposta elevarase á Alcaldía para que, presentados os ditos documentos, proceda a contratación dos aspirantes seleccionados para levar a cabo a prevención e defensa contra incendios forestais obxecto do Convenio de A Mezquita.

NOVENA.- FORMACIÓN DE LISTAS DE ASPIRANTES


Na acta da última sesión do tribunal de selección incluírase unhas listas de todos/as os/as aspirantes que superaron o proceso de selección por orde de puntuación e por cada unha das categorías existentes (xefe de brigada, peón de brigada – condutor e peón de brigada).

A Alcaldía, ó finalizar o proceso selectivo, poderá aprobar a creación das ditas listas de aspirantes de cara a súa contratación neste ano para ser usadas no suposto de que algún dos aspirantes seleccionados non presentara o certificado médico, o resultado do recoñecemento médico fose “non apto”, renunciaran á contratación ou por calquera circunstancia deixaran vacante o posto a cubrir.

Neses casos, procederase a requirir ós aspirantes que superaron o proceso de selección por orde de puntuación e por cada unha das categorías existentes (xefe de brigada, peón de brigada – condutor e peón de brigada) pasando o aspirante seleccionado a ocupar o último lugar da lista de aspirantes creada salvo que poida acreditar un suposto de forza maior (entenderase por forza maior, entre outros, estar desempeñando actividade laboral no sector público ou privado debidamente acreditado).

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

O Tribunal queda autorizado para resolvelas dúbidas que se presenten e adoptalos acordos necesarios para boa orde do proceso selectivo en todo ó non previsto nestas bases.



UNDÉCIMA.- RECURSOS

A resolución de alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia (artigos 30, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas).

O Alcalde



Rafael Pérez Vázquez.



ANEXO I

SOLICITUDE POSTO DE TRABALLO DE: **BRIGADA DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA** **CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

D/ Da....., con DNI número.....,
e domicilio, para os efectos de notificación, en.....
C.P.....
Teléfono.....

EXPÓN:

Que desexa participar no concurso convocado para a provisión dos postos de traballo de: BRIGADA DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS, mediante contratación en réxime laboral de contrato por obra ou servizo, modalidade de contrato de duración determinada a tempo completo, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía de data.....

Para tal efecto fago constar:

- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.
- Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación

Así mesmo DECLARO:

1. Que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

2. Baixo a miña responsabilidade que non padezo enfermidade, nin estou afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible ou me impida o normal desempeño das funcións do posto de traballo ao que se refire o presente proceso de selección.



Por todo elo, SOLICITA:

Ser admitida/o a participar no referido concurso no posto de (marcar o que proceda)

- ☐ Xefe de Brigada
- ☐ Peón Brigada – condutor
- ☐ Peón Brigada

Documentación que achega:

-
-

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos tódolos datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria e praza solicitada, así como que acata integramente o contido das bases

A Mezquita, a de de 2017.
ASDO:

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE A MEZQUITA